



BANDO DA ALCADÍA

## Camilo e Isaac, dous galegos de nación

O Concello de Santiago quere chamar a toda a veciñanza de Compostela a celebrar o '**Día Nacional de Galiza**' e dedicarllo especialmente, neste 2015, á lembranza e homenaxe de Camilo Díaz Baliño e Isaac Díaz Pardo. Pai e fillo ocupan un lugar central na memoria colectiva da nosa cidade. Ambos galegos de nación, ambos da grei dos bos e xenerosos, traballadores incansábeis, foron quen de imaxinar un país mellor. Imaxinaron, mais non ficaron só niso, traballaron para que ese futuro co que soñaban se tornase unha realidade.

A Camilo custoulle a vida ter imaxinado esa Galiza plena, ter acreditado nos valores republicanos e na súa terra. A Isaac custoulle perder o pai cando era só un adolescente, tamén lle custou a tristeza de quen sentía o país e a súas xentes. Hoxe lembramos as súas figuras, a súa obra e o seu esforzo ao servizo do colectivo. Non queremos esquecer, non podemos apagar da nosa memoria aquelas persoas que quixeron contribuír a mudar o sentido das cousas. Seguindo o exemplo de ambos convidamos a toda a veciñanza de Santiago a lembralos, a coñecelos e a divulgálos.

A memoria como exercicio de saúde democrática, así é como temos que entendela. Só desde o coñecemento do pasado podemos construír o futuro. Como cidadáns, como persoas activas e comprometidas socialmente, é o noso deber participar da construción da memoria.

A nación dos galegos e das galegas, que desexamos, é cívica, colectiva e fraterna. Valores que nos transmitiron Camilo e Isaac e que hoxe nós recolleemos. Compostela quere exercer como capital do proxecto, está disposta a liderar o proceso de transformación que marque un horizonte máis xusto para Galiza, para as súas xentes. Un futuro que só se pode construír desde o ben común e en formatos cooperativos. Un futuro de benestar para toda a sociedade e non só para uns poucos.

Camilo e Isaac, como tantas outras persoas, loitaron por todo isto e sabemos que sentirían un forte orgullo de ver a súa cidade liderar a mudanza coa que eles tantas, e tantas, veces soñaron.

E neste sentido que o **25 de xullo de 2015** queremos dedicalo a dous composteláns que soñaron a nación galega.

